

ROUCCO

SION

Falamos de rock en galego

Número 18- xuño 2022

Publicación gratuíta

Colle unha!

**MALTINE
BIRIBIRLOCKE**

**THE RAPANTS
CHICHARRÓN**

**BATTOSAI
LÓSTREGHO**

ESPECIAL: AS BANDAS GALEGAS DO RESURRECTION FEST



Rocío, de Maltine: “O noso produtor díxonos que compoñíamos como rapeiros”

Por Patty Castro

Maltine é un grupo compostelán que comezou a súa andaina no ano 2012 como un dúo acústico, aparecendo e desaparecendo de xeito intermitente. Porén, en marzo de 2020 lanzaron finalmente Interior Noite, composto por tres temas en galego e castelán, e a finais de 2021 sacaron Saliva, con outros 3 temas cargados dun rock sucio, quente, garaxeiro e mesturado con electrónica. Toda unha descarga de enerxía a que conducen as súas creadoras, a pradonense Rocío Barrio (tamén actriz, xornalista e presentadora) e o ribeirán Pepe Hombre. A súa música tivo unha gran acollida entre o público e entre a crítica, e xa chegou soar ata en Radio 3. Todas temos ganas de saber máis desta banda, e cando a poderemos ver por fin en directo. Rouco Son tivemos a sorte de poder entrevistar a Rocío, vocalista e compositora desas letras cheas da retranca que destilan os seus temas.

Ola, Rocío! Cántame un pouco como foi a vosa andaina, como sacastes adiante este proxecto.

Pois comezamos cunha guitarra acústica e por pasalo tempo. Fixemos varios paróns, porque por mor do meu traballo no audiovisual paso moito tempo en rodaxe con horarios inestables, e sempre tiña outras urxencias. Así que fumos postergando sacalo adiante, pois tiñamos claro que o queríamos en eléctrico para que soara máis potente. Xusto antes da pandemia decidimos que íamos por todas, e foi entón cando comezamos preparar o primeiro EP, que foi realmente o que nos decidiu facelo electrónico e contar cunha banda que nos axudase a defender os temas en vivo.

Despois veu a pandemia, e o título de Interior Noite veu ó pelo, pois é un termo que se emprega na linguaxe do audiovisual para determinar certas secuencias dunha rodaxe, e así foi durante un bo tempo, pois foi o que máis vivimos, escenas de interiores. As letras intimistas e obscuras de “Calambre”, “Gárgola” e “Non Sei”, as cancións deste traballo, foron gravadas con Jose Bruno nas baquetas, Iago Lorenzo na gravación e produción e Robin Schmidt no master. Así que, despois do encerramento, despois de gravar e de ver o feedback da xente en redes, decidímonos a falar con Manu, o baixista que xa coñecíamos de anteriores intentonas de sacar algo con el, e díxonos que si sen dúbida. E puxémonos tamén en contacto con Paula, a batería de Agoraphobia, pois encántanos o seu traballo, e tamén a coñecíamos do ambiente musical, que o final coñecémonos todos, e tamén



Maltine




nos dixo que si. E, jo, estamos encantados!

Os temas dos dous EPs están cargados dunha mestura de rock sucio, garaxeiro e stoner, salvaxe e cheo dunh retranca moi visual nas letras. Como é o voso proceso creativo?

Compositores somos os dous, pois ti podes comezar cunha idea e despois complementala coa visión do outro. Somos un 50-50. Eu encárgome das letras, iso si, a retranca e o escuro son cousa miña, porque tamén é un pouco como son. Intento ser realmente como me expreso na vida real.

Eu, como oínte, estou moi agradecida que cantes con esa fala coloquial que eu mesma falo polo diario. Gústame escoitalo e sítome recoñecida con esta forma de expresar que tes.

Eu intento que non se me colen moitos castelanismos, pero si que uso gheada e seseo, paréceme algo característico da lingua. E por que non o vou utilizar se eu falo así? Ademais, é un ámbito informal, non



estou a dar unha conferencia nin nada así, para min é algo polo que son moi guerrilleira. Mólame moito ser o máis natural posible, igual que fan os anglosaxóns, por que non vou eu facelo? Creo que é máis cercano para a xente que o escoita.

Sacastes temas ben gravados e ben feitos, vídeos... Cara onde quedas camiñar neste momento?

A ver, a nosa prioridade agora mesmo é tocar, a min non me da chegado o momento! Xa levo moito tempo detrás do escenario. Na miña outra vertente profesional, que encanta, o teatro, actuar e estar en contacto coa xente disfrútoo moitísimo. E si que é verdade que aí Pepe párame os pés, e con razón, porque é o que di: "ímolo facer ben"... Que por min sería "VEÑA, VAMOS"! Pero si que é verdade que, despois de adicarlle tanto tempo a que os temas soen ben, queremos que a xente os disfrute e que soen igual de ben que no disco, do que estamos moi orgullosos. Agora estamos pechando repertorio, rematando composicións para facer un boliño xeitoso e que non sexa moi curto. Quédame escribir unhas letras que me quedan pendentes e estamos desexando gravar e tocar! Non sabemos como vai ser ese primeiro bolo, se van ser 5 ou 50, pero estamos emocionados coa posibilidade!

Xogades moito coa voz, a electrónica e a caña. De onde vos sae esa forma de entender e crear, de onde vos vén esa caña? Que é o que escoitades normalmente?

Gústanos o rock, gústanos a música, os dous escoitamos de todo pero si que cada un ten unha forma de entendela. El foi batería moitos anos, e controla moito de arranxos, fai unhas baterías que a min me flipan. No primeiro tiñamos a dúbida pois estabamos compoñendo electrónico, loxicamente a batería real fai que gañe intensidade, pero si que queríamos darlle un plus. Por eso mesmo estamos xogando coa electrónica, cos arranxos e filtros na voz. De feito, lago Lorenzo, o noso produtor, que foi quen nos gravou os temas, dicíanos que nós compoñíamos como os rapeiros, e fíxome moita graza. Nós sampleamos moitas cousas, gravamos sons... Eu por exemplo teño a idea dun ritmo e repetímolo en bucle, e en base a iso desenvolvemos a canción. Así que un pouco si é como se fai no rap. Pero obviamente os dous somos rokeiros, mamamos moito rock e o stoner gústanos moito aos dous

Nótase que ves do audiovisual e



que te atopas a gusto diante dunha cámara, pero de onde che vén ese ímpetu que transmites?

Pois non o sei (risas), será que teño moita enerxía, ou será xenético, pois miña nai tamén ten moito xenio e meu pai é tamén bastante cañeiro! Miña nai díxome que cando era pequena me viñera ver nunha obra de teatro e que flipara. Eu cando subo enriba dun escenario non sei o que fago, pásame rapidísimo, estou en trance, pásoo pipa e xa está. Ó final somos contadores de historias, e méteste na película que estás contando. Tampouco lle dou moitas voltas, saíame así e vía. Eu intento pásalo ben e que ti o pases ben, e supoño que os demais tamén o pasarán. Quedo desafogada, quedo "de p m" (risas).

Pois moitas grazas pola entrevista, quedamos pendentes deses bolos e de desfrutarvos en directo!

Moitas grazas a vós polo voso traballo, porque se non fose por medios como este os grupos emerxentes non teríamos cabida no mundo mainstream. Estamos superagradecidos, e ademais de que sexa na nosa lingua, que para iso canto en galego!





Grupos de Vigo en Loita denuncia o peche do seu concerto por Vigosónico por parte da Policía Local

O pasado venres, a plataforma de músicos da cidade Grupos de Vigo en Loita organizou, no club Molotov, un concerto co que reivindicaban máis presenza de artistas viguesas na programación municipal e a mellora das condicións das salas de ensaio de Vigosónico. Porén, o evento non puido ser realizado na súa totalidade, xa que a Policía Local acudiu para cancelalo, chegando á sala apenas pasadas as 21:00 da tarde. Logo da súa marcha, o concerto continuou ata as 23:00, hora na que os axentes volveron ao lugar e clausuraron definitivamente o concerto, sen que dúas das bandas programadas para o mesmo puidesen tocar.

Dende Grupos de Vigo en Loita expoñen que “o concerto realizouse nunha sala perfectamente acondicionada e insonorizada, que de feito ten actividade constante ata as 4:30 da madrugada como discoteca”. Así, dende esta plataforma, que aglutina aos usuarios das salas de ensaio de Vigosónico e a outros músicos e músicas vigueses, consideran que o desaloxo debeuse “á vontade por parte do goberno municipal de evitar un concerto que evidencia as carencias da súa política cultural e o seu desleixo cara as artistas de Vigo”.

O argumento dado pola Policía Local foi a carencia por parte da sala dunha licenza específica de concertos. Porén, dende a plataforma explican que “esta é a situación da gran maioría de salas viguesas, precisamente porque o Concello négase a expedir estas licencias”. Isto permitiríalles, “na práctica, ter un recurso para que o Alcalde poida paralizar discrecionalmente os concertos que queira, como neste caso o noso, e así calar voces disidentes e críticas como

a nosa”. “Tendo en conta que houbo decenas de concertos esa mesma finde en Vigo, como os hai todas as semanas, é imposible pensar que isto puidese ser casualidade, e máis tendo en conta tanto as características perfectamente axeitadas da sala onde se realizou o concerto como a hora tan temperá á que se produxo a visita dos axentes”. Dende a plataforma engaden tamén que “consideramos que o último problema que debería preocupar á policía local é a realización dun concerto nunha sala perfectamente insonorizada ás 21:00 da tarde”.

O concerto ía contar coa participación de sete bandas viguesas, tanto emerxentes como consolidadas, de diferentes estilos, para visibilizar a calidade e diversidade da música da cidade e a súa ausencia da programación do goberno municipal: West Ride, Einconscientes, La Cloaka Sound, Arson Tides, El Puto Show, Gracias por Nada e Os Vacalouras. Porén, estes dous últimos grupos non puideron desenvolver o seu espectáculo a causa da actuación da policía local. No caso de Gracias por Nada, a banda ía dar o seu primeiro concerto, logo de que nos dous anos de existencia da mesma, marcados pola pandemia e o peche das salas de ensaio gratuitas, non tivesen ocasión de levar a súa música ao directo, como foi o caso de moitos outros grupos emerxentes da cidade. Finalmente, só puideron interpretar unha canción incompleta antes da cancelación do evento. Dende Grupos de Vigo en Loita anuncian que realizarán novas accións para seguir visibilizando a problemática das salas de ensaio e da música da cidade.



El Puto Show e Gracias por Nada puideron tocar na Molotov antes de que a Policía Local de Vigo acudise a cancelar o concerto reivindicativo

West Ride, Dioivo ou Denís Carballás, no ciclo de concertos Curiosidades Solita en Alcabre

Villa Solita é unha antiga casa señorial do século XIX ubicada na parroquia viguesa de Alcabre. Este espazo dará cabida un verán máis ao programa musical Curiosidades Solita, que se celebrará desde o 1 de xullo ao 19 de agosto. A programación conxugará distintos estilos musicais, como o metal, o rock, o jazz ou o rap, con actividades complementarias como visitas guiadas ou observación astronómica. O acceso será de balde ata completar o aforo da finca indiana.

O concerto da banda viguesa de rock alternativo West Ride estreará o verán en Alcabre o 1 de xullo ás 21:00 horas. O venres seguinte, 8 de xullo, Pablo Vázquez e Denis Carballás presentarán á mesma hora o seu libro *Son da Cidade*, no que escriben sobre varios grupos das dúas últimas décadas da música viguesa. Este evento contará ademais coa música en directo de Nicolás Pastoriza. A xornada do 8 de xullo concluirá coa actividade nocturna “De Solita á Lúa” ás 22:30, na que se poderá observar o satélite a través dun telescopio e dun equipo de proxección.

O 15 de xullo actuará o dúo de metal vigués Dioivo, e o 22 de xullo, Red Cheeks Quartet, formación de estudantes da Escola Superior de Música de Cataluña. O 29 de xullo será a quenda dos dúo de rap vigués La Cloaka Sound, que estarán acompañados de JCA, cantaor de flamenco fusión. Nos tres casos, desde as 21:00 horas.

Por outra banda, o 5 de agosto, desde as 22 horas, haberá unha charla do historiador e divulgador astronómico Pablo Martínez Alemarte, quen falará da historia de Villa Solita e guiará aos asistentes polo ceo nocturno estival. O 12 de agosto ás 21:00 será a quenda do concerto de Lar de Lúa, dúo acústico formado por Dany Soengas e Mariah Fosado con repertorio de clásicos en galego e outros idiomas. Dany e María son ademais membros de coñecidas bandas do metal vigués, como Atreides ou Xhamain respectivamente. Curiosidades Solita pechará a súa edición de 2022 coa actuación de Denis Carballás, membro tamén de bandas como The Riggos, Beethoven Rollers ou Sniff & Crash. O músico vigués interpretará tanto temas propios como clásicos dos anos sesenta do blues e do pop.



O Millarock 2022 contará con Battosai, The Rapants, Chicharrón e Biribirlocke

O festival Millarock é xa toda unha institución do rock galego, con once edicións ás súas costas. E para a súa décimo segunda, que se celebrará o venres 5 de agosto no aparcadoiro da Casa da Cultura do Milladoiro, Ames, a partir das 21:00, contará cun cartaz que aposta decididamente polas bandas emerxentes e con letras na nosa lingua. As bandas elixidas para a edición deste ano, como anunciou o Concello de Ames este mes ao presentar a programación cultural de verán, serán Battosai, The Rapants, Chicharrón, e os amesáns Biribirlocke, procedentes da parroquia de Bugallido.



Battosai



Biribirlocke

Do trío compostelán Battosai xa vos temos falado nas páxinas da nosa revista, polo tremendo álbum debut homónimo que lanzaron o ano pasado. Este traballo foi aclamado pola crítica especializada de Galiza e todo o Estado, destacando coa súa mestura de nostalxia grunge noventa e sons actuais do indie e do máis potente rock alternativo. The Rapants, por outra banda, son un cuarteto de indie e rock de garaxe procedente de Muros cunha carreira moi prolífica, tendo sacado nos seus catro anos de existencia tres EPs, un álbum e tres sinxelos. Collerán a testemuña de Terbutalina, o mítico grupo de punk de garaxe da súa vila, que actuou na edición do ano pasado xunto a Bala e Desequilibrio Mental.

Chicharrón, pola súa banda, veñen dende Carballo e xa levan activos dende 2010, mesturando estilos como o dream pop, o indie ou o folk. Contan cunha ampla discografía, culminada polo momento polo álbum Erosión, editado este 2022. E o cartaz fica completo cos anfitrións Biribirlocke, un quinteto tamén formado no 2010. O seu último álbum, Tentando a Sorte, saíu xa en 2017, pero en 2020 lanzaron o sinxelo "Animal", adianto dun novo traballo adiado polo momento por mor da pandemia.



Chicharrón



The Rapants

O Kanekas Metal Fest volve a Cangas do Morrazo

Por culpa da pandemia, tiveron que pasar dous anos antes de que poidamos desfrutar por fin da IX edición do Kanekas Metal Fest, un dos mellores e máis veteranos festivais de metal de Galicia. Organizado pola asociación cultural Morrazica dende 2010, este festival ofrece ano tras ano e de balde a moitas das mellores bandas tanto galegas como internacionais do panorama. Esta nova edición celebrarase os días 22 e 23 de xullo, na explanada detrás do Concello de Cangas do Morrazo.

Nesta IX edición, as bandas galegas Aphonnic, Balmog, Lóstregos, Dismal, Mano de Piedra e Cochambre unirán forzas cunha lista de bandas internacional coroada polos xigantes do death metal estadounidense In-

cantation, aos que se suman os madrileños Toundra, os cataláns Graveyard, os vascos Altarage e Ikarass, os andaluces Santo Rostro e os portugueses Serrabulho.

O regreso aos escenarios de Dismal, lendaria banda galega activa nos anos 90 e 2000, será sen dúbida un dos atractivos principais do festival. O metal alternativo de Aphonnic, o stoner metal de Mano de Piedra ou o black/death metal de Balmog regresan despois de ter participado en edicións anteriores do festival, mentres que o black metal de Lóstregos e o death metal de Cochambre son tamén novas incorporacións. Estamos desexando xa ver todas estas bandas en Cangas, nun festival que, lembramos, é de balde. Vémonos alí!

Mano de Piedra



Dismal



Cochambre. Foto de Carlós Meira

Lóstregho estreia Arroutada, o seu primeiro disco

O grupo pontecesán Lóstregho sacou á rúa o seu primeiro EP, titulado Arroutada, o pasado venres 3 de xuño. O trío da costa da morte, que destaca pola súa orixinal formación de batería, baixo e voz, preséntanos un disco composto por 6 cortes, dos cales xa puideramos catar previamente "Zarpazo" no mes de outubro. Este foi o segundo sinxelo e videoclip da banda, logo do inaugural «Dardos».

A banda oscila, nas súas propias palabras, «entre o grunge, o stoner e garage rock, con tintes tamén de psicodelia», e con este primeiro traballo dan boa proba deste estilo heteroxéneo. O EP foi gravado en Císmatica Studio por Mahi Ferradás, batería de Broa, que ten gravado outros moitos traballos dos que temos falado nestas páxinas. Estará dispoñible en formato vinilo, editado por eles mesmos, e tamén en todas as plataformas dixitais de música para a súa escoita.

O propio sábado 4 de xuño presentaron de balde o disco en directo, como parte do Cremita Fest celebrado no bar A Eira de Ponteceso. Estiveron acompañados dos coruñeses Cloaca e dos carballese Lowcos. Precisamente xunto a estes últimos seguirán presentando o novo disco, desta vez o sábado 18 de xuño no Pub Gatos de Melide.



Doce bandas galegas actuarán no regreso ao grande do RESURRECTION FEST

O Resurrection Fest de Viveiro non precisa ningunha presentación, xa que se trata dun dos festivais máis grandes de Galicia, atraendo a decenas de miles de persoas cada ano con cartaces inzados de hardcore, metal, punk e rock. E como na propia Galicia hai bandas tremendas en todos estes estilos, non podían faltar bandas autóctonas no cartaz do festival. Este ano son 12 os nomes galegos que poderemos atopar nel; algúns deles repiten, outros tiñan xa preparada a súa aparición no festival dende a fallida edición de 2020 (dende a cal algunhas bandas galegas quedaron polo camiño), e outros engadíranse agora á lista de bandas de aquí que tocaron nesta Meca da música extrema do país. Ao ser esta a edición do regreso completo despois da pandemia, logo dunha versión reducida en 2021, celebrarase por primeira vez ao longo de nada menos que 5 días, do mércores 29 de xuño, día introductorio a un prezo reducido, ao domingo 3 de xullo. Aquí falarémosvos un pouquiño, como non, das galegas que conseguiron colarse nun cartaz composto por decenas e decenas de bandas de todo o mundo, con algunhas das bandas máis famosas do xénero internacionalmente como cabezas de cartaz. Por orde alfabética:



Acidproyect

Esta mítica banda de metal alternativo de Ourense leva dando caña dende 2007. Como moitas das outras bandas das que vos falaremos aquí, Acidproyect leva agardando dende o 2020 para tocar sobre as táboas do Resurrection os temas do seu álbum de 2017 *Baba Yaga*, o segundo despois de *Where's your God Now?*, de 2014. A banda combina melodía e tralla en boas doses, para impresionar a calquera fan do estilo.



Aphonnica

Aphonnica é un dos nomes máis destacados do rock e metal alternativo de Galicia. Os vigueses comezaron a súa traxectoria en 2001, das cinzas do proxecto anterior *O Pequeno Baltimore*, e teñen atopado un considerable éxito cos seus últimos 3 álbums, *Héroes* (2013), *Indomable* (2016) e *La Reina* (2020), os dous últimos lanzados por Maldito Records. Teñen pasado xa por varias edicións do mítico festival de Viveiro, destacando co seu estilo accesible con letras profundas e persoais.



Arsian

Este cuarteto coruñés mestura o crossover thrash co crust punk, como fixeron xa outras míticas bandas dunha cidade tan intimamente vencellada a este xénero. Arsian, que conta nas súas filas con membros doutras destacadas bandas coruñesas, desatará en Viveiro as cancións dos seus *Eps Sembrando Odio*, de 2018, e *Fronteras de Sangre*, de 2019, co seu característico estilo macarra e old school.

Bloodhunter

Aínda que a banda leva uns anos afincada en Madrid, as orixes de Bloodhunter están tamén na Coruña, onde se fundaron en 2008. Esta banda de death melódico esta a presentar o seu novo álbum *Knowledge was the Price*, lanzado este ano por Maldito Records logo de pasar cinco dende o seu anterior traballo *The End of Faith*, editado na época na que a súa vocalista Rocío, Diva Satánica, participou no coñecido programa televisivo *La Voz*. Agora, a banda liderada pola tamén cantante da internacional banda brasileira Nervosa volve ao Resurrection para presentar os seus novos temas, para cuxa gravación contarón coa colaboración de nomes tan coñecidos coma os de Ripper Owens en «Never let it Rest» ou Rosalía Sairem en «The Forsaken Idol»



Golpe Radikal

Outra banda das que repite no Resu é Golpe Radikal, un sexteto que mestura o hardcore e o metal fundado no 2011 na Pobra do Caramiñal. Os primeiros desta lista en contar con algunhas das súas cancións en galego, teñen editado discos como *Cronos* (2020), *Sombras* (2017) ou *El Sello del Diablo* (2015).



Grima

De Grima xa vos temos falado varias veces na nosa revista. A actuación do dúo pontevedrés no Resu encádrase na xira de presentación do seu novo álbum, *A Ver Ahora*, no que á súa propia mestura de rock, punk e metal engadiron as colaboracións de artistas como Bala e Kaixo.



Kaleikia

Este novo cuarteto de post rock de Sanxenxo, con gran influencia do stoner, leva dende 2020 agardando pola súa estrea no escenario do Resurrection Fest. O único álbum lanzado por Kaleikia dende a súa fundación en 2017 é *Oileán Fada*, de 2019, un traballo completamente instrumental que tivo unha excelente acollida e que será unha banda sonora perfecta para o Resu na súa dimensión máis ambiental e psicodélica.



Machina

A recoñecida banda de Cerceda regresou a finais de 2020 despois de varios anos de inactividade, co sinxelo «O Infraordinario». Agora, Machina terán a ocasión de presentalo no Resu xunto a temas de discos como A Síndrome de Nerón (2013), Ensaio sobre o Silencio (2012) ou Post-Bravú (2009).



Ruxe Ruxe

Unha das bandas máis lendarias do rock bravú, orixinaria de Aríns, Santiago de Compostela. Ruxe Ruxe, fundada xa en 1996 e cunha morea de discos no seu haber, vén de celebrar os seus 25 anos de traxectoria, recibindo por isto unha homenaxe en forma de disco na que participaron 32 das mellores bandas galegas do momento versionando temas dos composteláns. No Resu terán ocasión tamén de facer un repaso da súa dilatada carreira.



True Mountains

O dos coruñeses True Mountains é un nome habitual en varios festivais galegos. Este trío punky comezou a súa traxectoria como dúo acústico de voz, guitarra e contrabaixo, pero co álbum Electroshocking, de 2020, pasaron ao formato eléctrico co que xa viñan experimentando previamente.



Turbo Kraks

Turbo Kraks é un trío de post-harcore instrumental procedente de Ferrol e fundado en 2015. Teñen editados dous discos, titulados Katakroken, lanzado en 2017, e Ahora Bien, lanzado en 2019.



Wasted Wiltons

Rematamos con outra agrupación coruñesa, cun estilo rápido e melódico, teñen sacado dous traballos: por unha banda, o EP de 2018 Blurry Memories, e por outra o álbum Turn Up The Sneakers, lanzado en 2021.



**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON

**Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 27-06-2022 nº18. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com